

Recomendacións preventivas no teu traballo fronte á **vespa asiática** (velutina)

Cada vez é máis habitual a presenza da vespa asiática (velutina), polo que **debes telo en conta na planificación dos teus traballos:**

✓ **Antes de empezar** os traballos

- Realiza un **recoñecemento exhaustivo da parcela** (árbores, chan, muros, etc.) e comproba que non existen niños de velutina na zona.
- Ten en conta que os niños que **están no medio das silveiras ou entre o mato soen ser máis difíciles de detectar.**

✓ **Se atopas un niño** de velutina

- Non te achegues a menos de **5 metros** do niño.
- Non lles provoques danos; non o golpees nin molestes as velutinas. **Lembra que normalmente só atacan ao verse ou sentirse atacadas.**
- **Non cortes polo pé unha árbore que conteña un niño,** ou ben que poida afectar na súa caída outra árbore que o albergue.
- **Non roces silveiras ou matos** que conteñan niños.
- **Avisa todos os compañeiros de traballo** da presenza do niño e sinaliza a zona.
- Chama ao **012** e comunícao para que o retiren.

! **Como actuar** no caso dun ataque

- **Se te atacan fuxe o máis rápido posible** e busca un refuxio (vehículos, edificacións, arbustos, cultivos densos coma o millo, etc...).
- Mentres escapas procura **evitar** que as velutinas **te ataquen nas áreas máis sensibles da cara**, como pode ser a zona dos ollos. Tamén teñen tendencia a picar **na parte de atrás do pescozo** polo que se recomenda protexer esta zona coas mans ou a roupa.
- **Non tentes eliminar as velutinas nin axites os brazos para tornalas.** As velutinas son atraídas polos movementos bruscos e as que son esmagadas emiten un cheiro que atrae máis velutinas.
- Se ves que alguén é atacado por velutinas, non te achegues para axudalo. Chama ao **número de emerxencias 112** onde te informarán de como debes actuar e avisarán os medios de emerxencia para que se trasladen ao lugar se é preciso.

Lembra!

As **persoas alérxicas** deben **levar sempre consigo a medicación necesaria** para administrarse en **caso de picaduras**